



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/11	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de marzo de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:50 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	NON
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	NON
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	NON
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	NON
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	NON
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ





76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	NON
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 25 de febreiro de 2019

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada en data 25 de febreiro de 2019.

Expediente 1404/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por R. G. T., na que demanda sinalización horizontal con pintado de amarelo diante da entrada de garaxe, onde está instalado o sinal de pasaxe permanente nº 378, no lugar do Espírito Santo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto o día 09.03.2019 pola policía local, acorda aprobar a solicitude do Sr. G. T., e polo tanto, que polos servizos municipais se proceda á sinalización horizontal con pintado de amarelo diante da entrada de garaxe, onde está instalado o sinal de pasaxe permanente nº 378, no lugar do Espírito Santo.

Expediente 1422/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Vista a solicitude presentada pola comunidade de propietarios "Edificio A Fonte", na que reclaman sinalización horizontal con pintado de liña amarela diante da entrada dos garaxes sitos na Avda. de Bueu, nº X-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto o día 09.03.2019 pola policía local, acorda aprobar a solicitude da comunidade de propietarios "Edificio A Fonte", e polo tanto, que polos servizos municipais se proceda á sinalización horizontal con pintado de amarelo diante da entrada dos garaxes sitos na Avda. de Bueu, nº X-Cangas.

Expediente 1231/2019. Solicitude de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en data 13.03.2019 pola policía local, referente a solicitude da farmacia sita na Avda. de Bueu, nº X, para sinalización horizontal diante da referida farmacia, que é como segue:

"A Policía Local de Cangas con relación á solicitude de D. D. L., na que solicita repintar liñas amarelas diante da farmacia da Avda. de Bueu, nº X. E suprimir estacionamento de saída do garaxe colindante.

Informa: no parte de servizo con número 123, consta o seguinte:

"O día 24.02.2019 se reciben varias chamadas telefónicas informando que se estaban a pintar liñas amarelas na vía pública, enfronte da farmacia da Avda. de Bueu.

Que trasladada a patrulla ao lugar da Avda. de Bueu, nº X, se puido comprobar, como no reservado da farmacia, estaban a pintar unhas liñas amarelas.

Que se identifica ao obreiro que estaba a realizar os traballos, resultando ser: F. C. A., con DNI nº X, con data de nacemento do 12.12.1970, con domicilio no lugar de Guimarey-A Costa, nº X-A Estrada, con teléfono nº X, o cal manifesta que lle había encargado o pintado o dono da farmacia, D. D. L., con DNI nº X, con data de nacemento do 20.05.1994, con domicilio en rúa Freixo, nº X-Cangas.

Que tras falar co dono da farmacia, comunica que ordenou ao pintor, proceder ao repintado das dúas prazas de estacionamento reservado e aumentar unha liña amarela paralela, para así facilitar a manobra de saída do pasaxe permanente que existe no lugar.

Que se fai constar que non consta autorización para realizar este tipo de sinalización horizontal'.

Con relación á súa solicitude outra patrulla da Policía informa que xa está pintado recentemente, un dos lados, descoñecendo o motivo do pintado.

Tendo en conta o parte de servizos do día 24 de febreiro, non procede o solicitado por ter sido pintada antes da súa solicitude e para que se lle conceda o repintado deberá borrar o pintado polo interesado e deixar a calzada no seu estado anterior".





Expediente 1471/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por R. C. C., na que reclama sinalización horizontal con pintado de 50 cms., de liña amarela que lle falta diante do pasaxe permanente que ten instalado no lugar das Gruncheiras, nº X-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto o día 14.03.2019 pola policía local, acorda aprobar a solicitude de R. C. C., e polo tanto, que polos servizos municipais se proceda á sinalización horizontal con pintado de 50 cms., de liña amarela diante do pasaxe permanente nº 946, que ten instalado no lugar das Gruncheiras, nº X-Coiro.

Expediente 565/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 29.01.2019 pola Policía Local, referente a sinalización na zona de Baixada do colexio "Eduardo Pondal", que é como segue:

"ASUNTO: INFORME SOBRE ESPELLO E REDUTOR DE VELOCIDADE NA BAIXADA DO COLEXIO EDUARDO PONDAL, SEIXO, Nº X-DARBO.

Os policía locais de Cangas, con NIP X e X, por medio do presente, informan:

Que a instancia de J. C. F. A., con DNI nº X, veciño de Cangas, con enderezo en Seixo, nº X-Darbo, e teléfono X, na que solicitan que por parte do Concello de Cangas, tomen as medidas oportunas para aliviar os problemas derivados do tráfico rodado á entrada e saída do colexio 'Eduardo Pondal', principalmente.

En concreto solicita a colocación dun espello de tráfico, para poder observar os vehículos que baixan do centro escolar a velocidade inadecuadas, tendo en conta que o lugar forma unha curva en pendente con moi mala visibilidade e a moi escasa distancia da saída da súa vivenda.

Achegados ao lugar na tarde do martes día 29 de xaneiro, poden comprobar como efectivamente, coincidindo coa saída do horario escolar, os vehículos circulan a velocidades excesivas, considerando por iso, que sería moi recomendable autorizar ao solicitante a colocación dun espello de tráfico, sufragado por el mesmo, tal e como se lle informou no mesmo lugar.

Por outra banda, tendo en conta a mesma circunstancia, sería moi recomendable que por parte do Concello, colocasen algún redutor de velocidade na proximidade da curva antes citada, para atenuar a velocidade coa que baixan a maioría dos vehículos poden pasar, xa que o espazo que queda é suficiente para poder pasar".





Expediente 1407/2019. Solicitud de sinalización

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por C. S. N., na que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de rúa Noria, nºX-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, acorda denegar a solicitude formulada pola Sra. S. N., de conformidade co informe emitido ao respecto, en data 13.03.2019, pola policía local, no que se indica o seguinte:

"Concepto solicitado: solicitude de pasaxe permanente en rúa Noria, nº X (Comercio Atrezzo).

Informe:

A xefatura da policía local, informa que o sinal de pasaxe permanente sería para a entrada de vehículos e non para reservar a fachada de vehículos que estacionaran diante dos expositores ou escaparates".

Expediente 5980/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. V. L., na que demanda autorización para a instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de rúa Os Castiñeiros na Choupana-Darbo.

Visto, así mesmo, o informe favorable emitido ao respecto en data 13.03.2019 pola policía local.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar ao Sr. V. L., para a instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de rúa Os Castiñeiros na Choupana-Darbo.

SEGUNDO.- O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 1548/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. R. R., na que solicita a instalación de un espello ou semáforo que permitan poder xirar sen perigo á saída da rúa Real coa Avda. de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente o informe emitido ao respecto, en data 14.03.2019, pola policía local, que é como segue:





"Que na rúa Real conflúe coa Avda de Vigo e coa Avda. da Coruña. Que a saída da citada rúa Condireccióná Avda. de Vigo, especialmente para incorporarse ao carril de circulación Bueu-Cangas, vese dificultada polo estacionamento ocasional de vehículos nas proximidades da intersección.

Para solucionar esta problemática sería recomendable mellorar a sinalización da Avda. de Vigo, no sentido de circulación Cangas-Bueu, concretamente na zona onde está prohibido o estacionamento, xustamente antes de chegar á intersección coa rúa Real.

Así mesmo, deberíanse instalar balizas flexibles H75, para erradicar definitivamente o estacionamento ocasional na zona e mellorar a visibilidade da intersección".

Expediente 1483/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1483/2019.- Outorgar a M.N. M. A., con enderezo en Baixada ao Rapallo, nº X-O Hío (referencia catastral X), licenza de obra para construír unha piscina de 34,20 m²., de conformidade coa documentación presentada o 11 de novembro de 2016 e 2 de xaneiro de 2017.

Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a tres mil setecentos cincuenta e un euros (3.751,00 €).

Expediente 492/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 492/2019.- Outorgar a "ANCORADOURO SL", con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº X-Cangas, licenza de obras para no lugar de rúa Enseñanza-Cangas (referencia catastral X), construír dúas piscinas, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto F. B. P., de data 25 de xaneiro de 2019.

Deberán formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a oito mil seiscentos cincuenta euros (8.650,00 €).

Expediente 226/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 226/2019.- Conceder a A. F. F., con DNI nº X, , e con enderezo a efectos





de notificacións en Liméns, nº X-O Hío, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para demolición parcial e legalización de vivenda existente en Liméns, nº X-O Hío (referencia catastral X e X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J. D. I., visado o 09.01.2019.

Condicionada a que deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende vinte e nove mil cento trinta e seir euros (29.136 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal nunha superficie de 20,89 m²., formalizada en acta de comparecencia de data 08.03.2019 e aval para responder dos gastos de urbanización por importe de setecentos vinte e catro euros con noventa céntimos (724,91 €) depositado en "BANCO PASTOR", en data 08.03.2019.

Expediente 6045/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6045/2018.- Outorgar a M. I. D. F. e F. G. B., con enderezo na Avda. de Lugo, nº X-Cangas, licenza de obras para no lugar de Outeiro, nº X-Balea-Darbo (referencia catastral X), regulado pola ordenanza de aplicación URNU (9), a construción de unha vivenda unifamiliar de 105,50 m²., de planta baixa; 126,80 m²., de primeiro andar; 62,10 m²., de porches; 21,00 m²., de edificación auxiliar; 32,00 m²., de piscina; e 20,50 ml., de cerramento, de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos R.O. e J. F., de data novembro de 2018, condicionado a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a dous centos cinco mil seiscientos corenta e catro euros con trinta e oito céntimos (205.644,38 €).

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizado en escritura pública de data 7 de marzo de 2019, por unha superficie de 33,00 m²., e unha fianza para garantir as obras de urbanización depositado en "Abanca", por importe de seiscientos setenta e sete euros con trita e oito céntimos (677,38 €), de data 21 de febreiro de 2019.

Expediente 536/2019. Modificación de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento





EXPEDIENTE Nº 536/2019.- Modificar a parcelación autorizada na Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2011, licenza nº 22.691, a A. G. P., no sentido de axustar os lindeiros de dúas parcelas das parcelas resultantes; concretamente a parcela 2 (B) queda cunha superficie neta de 333,40 m²., e parcela 3 (A) cunha superficie neta de 303,21 m²., de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J. D. I. de data outubro de 2018.

Expediente 3223/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3223/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. P. E. para cambio de cuberta e demolición parcial de cobertizo sito en Baixada a Nerga, nº X-O Hío, de conformidade coa documentación presentada con data 5 de outubro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a cento oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (187,50 €).

Expediente 4856/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4856/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. B. F., para instalación de un tubo para extracción de fumes na cociña dunha edificación sita no lugar das Gruncheiras, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a trescentos euros (300,00 €).

Expediente 665/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 665/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. M. M., para reparación puntual de cerramento de 5,00 m²., sito na Serra de Poente, nº X-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico F. M. L., de data marzo de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a catrocentos cincuenta euros (450,00 €).

Expediente 2246/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para nomeamento de directora da obra "Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada"

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación





Este punto foi retirado da orde do día por estar aprobado en Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2019.

Expediente 2641/2018. Dación de conta de Sentenza nº 64/2019 do Xulgdo do Contencioso Administrativo nº 1 (PA 112/2018)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos, referentes á Sentenza nº 64/2019 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, que son como seguen:

1.- PA 112/2018 C.- SENTENZA Nº 64/2019 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA

- Recorrente: J. S. M.

- Contido:

1º.- Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por J. S. M. contra a inactividade do Concello de Cangas do Morrazo, pon non executar a resolución do seu alcalde de 25 de xaneiro de 2007, que ordenou a demolición de un muro de cerramento construído por A. S. M. na Rosada, nº X-Coiro (Expte. nº 116/06).

2º.- Condenar ao Concello de Cangas do Morrazo a executar subsidiariamente a referida orde de demolición, na maneira e prazos sinalados no fundamento 'IV', desta sentenza. Concédese autorización de entrada para que os operarios poidan entrar na parcela na que se sitúa a obra ilegal, en horas diurnas de días laborables, con auxilio da forza policial se fose necesario.

3º.- Condenar ao Concello de Cangas do Morrazo ao pagamento das custas do litixio, co límite máximo por honorarios de letrado sinalado no último fundamento.

Expediente 4497/2018. Dación de conta de Sentenza nº 47/2019 do Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra (procedemento SSS 247/2018)

Favorable

Tipo de votación::
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 04.03.2019, referente a dación de conta de Sentenza nº 47/2019 do Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra, que é como segue:

"Visto o contido da Sentenza nº 47/2019 do Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra, de data 13 de febreiro do ano que andamos, recaída no procedemento SSS, seguido a instancia de J. D. P. contra o INSS, TGSS e Concello de Cangas, solicitando que estimando a súa demanda, se declare ao actor en situación de gran invalidez ou, subsidiariamente, en situación de incapacidade permanente absoluta para todo traballo, derivada da enfermidade común, condenando ao instituto demandado a pasar por iso e satisfacéndolle as prestacións





correspondentes, co fallo que de seguido se reproduce:

'Desestimo a demanda interposta por J. C. D. P., fronte ao INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL, TGSS e fronte ao Concello de Cangas e absolvo aos demandados da pretensión suscitada fronte a eles'.

Esta sentenza foi notificada o 28.02.2019 e non é firme, sendo susceptible de recurso de suplicación pola parte contraria.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 47/2019 do Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra, de data 13 de febreiro do ano que andamos, recaída no procedemento SSS, seguido a instancia de J. D. P. contra o INSS, TGSS e Concello de Cangas.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamentos municipais de persoal e apoio xurídico".

Expediente 5844/2018. Proposta para renovación de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 14.03.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a prórroga de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2019, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2019

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do/da interesado/interesada por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2018, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2019 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que: se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos/polas interesados/interesadas dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se





outorga a renovación para o presente ano 2019 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propoño a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2019, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

- Ref: 21. M. I. A. P.
- Ref: 65. D. E.J.
- Ref:71. A. P. A.
- Ref:74. S. D. B.
- Ref: 80. A. M. P. M.
- Ref: 87. M. S.
- Ref: 92. R. J. J.
- Ref:94. M. F.
- Ref: 111. J. M. M. Q.
- Ref: 141. S. J. F.
- Ref: 165. A. A. e X.

CAMBIOS DE TITULARIDADE

Aprobar o cambio de titularidade de:

- Ref: 121. M. I. R. – T.J. Duval

Denegar o cambio de titularidade de:

- Ref: 88. B. G. A.C. S. – J. L. S.

* Indicar que J. L. S. xa figura como suplente no posto que está a nome de sua cónxuxe, Ref.: 66. M. B. E. J.

RECTIFICACIÓN:

En Xunta de Goberno Local de data 25.02.2019, no expediente nº 5844/2019, sobre as licencias municipais de venda ambulante, no primeiro punto de acordos da proposta, especificase:

'MODIFICACIÓN METROS: -Ref: 93. F. V. M., posto nº 12; aumento de 2,00 metros o posto dos venres, por cesión do posto nº 132 que estaba a nome de A. P. B., segundo o escrito presentado o 19.01.2018 con rexistro de entrada nº 626'.

Polo que se propón á Xunta de Goberno Local anular dito acordo, pois a modificación de metros do posto contiguo (posto nº 132) non afecta á licenza con Ref: 93, de F. V. M., posto nº 12.





Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 6058/2018. A) Aprobación do plan de ocupación con servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre no verán 2019. B) Solicitudes de ocupación en terreos privados de zona marítimo-terrestre no verán 2019 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A) Aprobación do plan de ocupación con servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre no verán 2019.

A Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de solicitudes, de conformidade coa proposta da Alcaldía de data 06.03.2019, referente a aprobación do plan de ocupación con servizos de tempada en dominio público marítimo-terrestre durante o verán de 2019, que di:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 4 de decembro de 2018, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra, expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2019. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación do plan de ocupación que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, se solicite do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relacionados.

PLAN DE OCUPACIÓN SERVIZOS DE TEMPADA PRAIAS DE CANGAS 2019

Na data 4 de decembro de 2018, achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de temporada nas praias do Concello.





Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizados polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada nas diferentes praias, considérase preciso cubrir os servizos de tempada, no período comprendido entre os días 1 de maio e 30 de setembro de 2019, nas praias que a continuación se indican:

1. Praia de Rodeira:

- (1) Un quiosco de 6,00 m2., e superficie para 4,00 m2., de terraza.
- (1) Un quiosco de 13,00 m2., e superficie para 49,00 m2., de terraza.

2. Praia de Areamilla:

- (1) Un quiosco de 12,00 m2., e superficie para terraza de 22,50 m2.
- (1) Un quiosco de 18,00 m2., e superficie para terraza de 10,00 m2.

3. Praia de Santa Marta:

- (1) Un quiosco de 7,00 m2., e superficie para terraza de 13,00 m2.

4. Praia de Nerga:

- (1) Un quiosco de 20,00 m2., e superficie para terraza de 50,00 m2.

5. Praia de Melide:

- (1) Un quiosco de 20,00 m2., e superficie para terraza de 30,00 m2.

6. Praia de Vilariño:

- (1) Un quiosco de 13,00 m2., e superficie para terraza de 15,00 m2.
- (1) Un quiosco de 12,00 m2., e superficie para terraza de 15,00 m2.
- (1) Un quiosco de 8,00 m2., e superficie para terraza de 10,00 m2.
- (1) Un quiosco de 7,00 m2., e superficie para terraza de 23,00 m2.

7. Praia de Menduíña:

- (1) Un quiosco de 8,00 m2., e superficie para terraza de 30,00 m2.

8. Praia de Liméns:

- (1) Un quiosco de 20,00 m2., e superficie para terraza de 40,00 m2.

9. Praia da Congorza:

- (1) Un quiosco de 14,00 m2., e superficie para terraza de 20,00 m2.

10. Praia de Viñó:

- (1) Unha superficie para terraza de 30,00 m2.

A situación dos servizos solicitados nas praias indicadas é a que se sinala nos planos anexos".

SEGUNDO.- Condiciónanse as presentes autorizacións á previa desmontaxe das instalacións de quioscos e terrazas antes da tempada da instalación, requisito sen o cal se entenderá denegada a solicitude. Tal condicionado será comprobado polos servizos municipais competentes.

TERCEIRO.- Así mesmo, acórdase deixar pendente de aprobación, para mellor estudo, as seguintes solicitudes:

10. Praia de Vilariño:





(1) Unha superficie para escola de Kayak e Seawalk Paddle de 22,00 m2.

11. Praia da Cunchiña (Paseo do Salgueirón):

(1) Un quiosco de 15,00 m2., e superficie para terraza de 40,00 m2.

B) Solicitudes de ocupación en terreos privados de zona marítimo-terrestre no verán 2019

A Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 06.03.2019, referente a aprobación do plan de ocupación en terreos privados de dominio público marítimo-terrestre durante o verán de 2019, que di:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 4 de decembro de 2018, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra, expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2019. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Visto o bando da Alcaldía publicado polo Concello, cos requisitos e condicións para a concesión de quioscos en fincas privadas no ámbito do Concello e as solicitudes presentadas e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quioscos de verán en terreo privado ás seguintes solicitudes presentadas, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>DNI</u>	<u>Situación</u>
------------------------	------------	------------------

P. M.P. C.	X	Areameán (Mixilloeiras-Viñó Camiño da Garita, X Nerga-O Hío. Rúa do Coto, X, Nerga
------------	---	---

M. F. C.	X	finca en praia de Barra (Nerga) Estrada de Bueu, 27, Vilariño-O Hío.
----------	---	---

M. T. F. G.	X	finca "O Couñal", Donón, X.
-------------	---	-----------------------------

SEGUNDO.- Procédase á DESESTIMAR do plan de ocupación as seguintes solicitudes para a praia de Barra, por ser zona protexida e non se autorizan instalacións de tempada na devadita zona:

M. C. C., enderezo en estrada de Bueu, X, Vilariño-O Hío.

B. S. C., enderezo en Rúa Preguntoiro, nº X-O Hío.





TERCEIRO.- Procédase a aprobación da autorización da seguinte instalación e solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra a preceptiva autorización, de acordo coa documentación que se achega no expediente.

1. Praia de Liméns:

Escola Municipal de Windsurf e e Stand Up Paddle que desenvolve o Liméns Wind & Sup Club (instalación de 2 contedores (2,50 x 6,00 metros) para a actividade).

A situación dos servizos solicitados nas zonas indicadas figura na documentación presentada".

SEGUNDO.- Condiciónanse as presentes autorizacións á previa desmontaxe das instalacións de quioscos e terrazas antes da tempada da instalación, requisito sen o cal se entenderá denegada a solicitude. Tal condicionado será comprobado polos servizos municipais competentes.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 1618/2019. Informe da policía local para delimitación de zona peonil (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta de data 15.03.2019 emitida pola policía local, referente a delimitación de zona peonil na Avenida de Moaña coa rúa Mestre Carballo, que indica o seguinte:

"A xefatura da policía local de Cangas, por medio do presente escrito fai constar:

Que tendo en conta as propostas da veciñanza de Nazaret (actualmente de preferencia peonil) e das rúas M. Carballo, M. Soliña, Avda. de Moaña, Paz; expostas en distintas xuntanzas neste concello, con representantes do goberno municipal e de técnicos do departamento de sinalización e da propia policía, é polo que se PROPÓN:

* Acordar que as rúas MESTRE CARBALLO, MARÍA SOLIÑA, AVDA. DE MOAÑA e PAZ, sexan declaradas como ZONA DE PREFERENCIA PEONIL, previsto no artigo 7.1 da vixente ordenanza peonil de Cangas, publicada en BOP nº 112, de 13 de xuño de 2016.

As citadas rúas contarían cos paneis verticais de prohibición de acceso e estacionamento, agás laborais para carga e descarga e para servizos de turismos e furgonetas (máximo 20 minutos), que contarían con espazo delimitado, dentro do horario comercial. O resto do tempo exclusivo residentes e autorizados con tarxeta.

O profesorado de Nazaret, contaría con tarxetas autorizadas para poder aparcas exclusivamente, dentro do horario (8,30 a 15,00 horas) e días lectivos, dentro da zona peonil de Nazaret e de M. Carballo – Avda. de Moaña.





Os pais/nais ou persoas encargadas dos alumnos/alumnas do colexio de Nazaret poderán dispoñer dunha zona sinalizada no contorno do colexio, os días lectivos de 8,45 a 9,10 e de 13,45 a 14,45 horas, máximo 10 minutos, coa finalidade de levar e recoller aos/ás nenos/nenas. O resto do tempo exclusivo residente e autorizados con tarxeta.

Os residentes e autorizados con tarxeta contarán con aparcamento reservado e sinalizado na zona.

Este acordo de ampliación de zona peonil propónse como unha segunda fase prevista, logo de rematar o proceso de sinalización como espazo de preferencia peonil e proceder a entrega de tarxetas autorizadas no barrio de Nazaret".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2246/2018. Adjudicación da obra "Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente de contratación tramitado para a adjudicación do contrato administrativo de obra "Mellora de servizos e pavimentación na rúa Valentín Losada".

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adjudicación a favor da mercantil "CONSTRUCCIONES VALE SL", con NIF nº X, por importe de cento cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e dous euros con oito céntimos (152.462,08 €) (IVE incluído) e un prazo de execución de 1 mes e dúas semanas por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (registro de entrada do día 08.03.2019) a documentación requirida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2019, relativa á garantía definitiva por importe de seis mil trescentos euros con doce céntimos (6.300,12 €), mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local adopta seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adjudicar á empresa "CONSTRUCCIONES VALE SL", con NIF nº X, o contrato administrativo de obra de "Mellora de servizos e pavimentación na rúa Valentín Losada", por importe de cento cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e dous euros con oito céntimos (152.462,08 €) (IVE incluído) e cun prazo de execución de un (1) mes e dúas (2) semanas, e garantía de seis (6) anos.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 1532.619.02 do orzamento municipal.





Terceiro.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

Cuarto.- Notificar a "CONSTRUCCIONES VALE SL", a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Publicar anuncio da adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Sexto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 4113/2018. Aprobación de acta da mesa de contratación para concesión demanial para uso privativo dos postos vacantes no Mercado de Abastos Municipal (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a acta da mesa de contratación seguinte, para a concesión demanial para uso privativo dos postos vacantes no Mercado de Abastos Municipal, que é como segue:

"Expediente núm.: 4113/2018

